

O futuro da Intelixencia Artificial, a debate

Data: martes, 10 xullo, 2018 -10:00 - 20:00

Lugar: Salón de Actos do CITIUS

Poñente(s):

Idioma: Castelán

Streaming: Non

O CiTIUS celebrará o próximo 10 de xullo unha xornada de divulgación aberta ao público onde se abordarán os límites, desafíos e complexidades que expón o crecente protagonismo da Intelixencia Artificial no tecido socioeconómico, para fomentar a reflexión e o debate entre os participantes.

DEBATE TI

« ¡MIRA, MAMÁ! ¡SIN MANOS! »

Martes, 10 de julio — 10:00 - 20:00

IMPACTO SOCIOECONÓMICO DE LA INTELIGENCIA ARTIFICIAL (¿HARTA DONDE ALCANZAMOS A VER?)

10:00

Isabel Fernández
Accenture Applied Intelligence

Adrián Canedo
Silum Technologies

Modero
Antonio Bahamonde
Universidad de Oviedo

¿TIENE LÍMITES LA INTELIGENCIA ARTIFICIAL? ¿HAY QUE PONERSELOS?

16:00

Óscar Córdón
Universidad de Granada

Ramón L. de Mántaras
IA-C3C

Enric Trillas
European Centre for Soft Computing

Modero
Senén Barro
Universidad de Santiago de Compostela

bit.ly/sinmanosCITIUS

galicia CiTIUS USC XUNTA DE GALICIA

Saúde, automoción, finanzas, emprego, publicidade, industria, Internet... Son só algúns dos eidos onde a Intelixencia Artificial (IA) presenta xa numerosas aplicacións na nosa vida diaria, aínda que co rápido desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía a súa implantación será moito maior nos vindeiros anos.

A capacidade das máquinas para resolver problemas da súa contorna de forma razoada e autónoma, imitando o comportamento dos seres humanos, abre un interesante e necesario debate sobre o marco legal apropiado para o seu desenvolvemento e funcionamento, así como os seus límites tecnolóxicos e éticos. Os seus evidentes beneficios son incuestionables: coches autónomos, cirurxías robóticas ou dispositivos que recoñecen e interpretan voces e imaxes teñen demostrado xa a súa utilidade. Con todo, outras visións menos optimistas temen que a Intelixencia Artificial, capaz de “pensar” e aprender por si mesma, acabe por substituír o labor do ser humano e escape ao seu control, en lugar de converterse nunha ferramenta de colaboración que aumente as súas capacidades.

Neste contexto de efervescencia tecnolóxica, o CiTIUS promoverá o próximo 10 de xullo a xornada ‘O futuro da Intelixencia Artificial, a debate’, na que especialistas de universidades, empresas e outras institucións discutirán sobre o impacto e os límites da Intelixencia Artificial no marco dun encontro monográfico e divulgativo que durará todo o día. Os debates terán lugar no salón de actos do CiTIUS ao redor de dúas mesas redondas: tras unha sesión de mañá con representantes do sector empresarial, que porán o foco nas aplicacións industriais, a quenda de tarde reunirá a científicos expertos na materia. A entrada será gratuíta, con capacidade limitada.

Área estratéxica para a UE

A proliferación das técnicas de IA é tal que o desenvolvemento desta área xa entrou na axenda política das altas institucións comunitarias. Recentemente, a Unión Europea incluíu no seu novo **Programa Marco de investigación e Innovación para o período**

2021-2027, 'Horizon Europe' un programa complementario centrado nas TIC, o 'Digital Europe Programme', onde a Intelixencia Artificial ocupará unha das cinco áreas destacadas ao ser considerada como unha das tecnoloxías máis prometedoras para facer fronte aos desafíos sociais e contribuír ao crecemento económico nos próximos anos.

PROGRAMA

10:00 Presentación da Xornada: Paulo Félix, director do CiTIUS (Universidade de Santiago de Compostela)

10:10 MESA REDONDA: **IMPACTO SOCIOECONÓMICO DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL: ATA ONDE SOMOS QUEN DE VER**

Modera: **Antonio Bahamonde**, catedrático de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da Universidade de Oviedo.

Relatores:

- **Isabel Fernández** (Accenture Applied Intelligence).
- **Adrián Canedo** (SITUM).

16:00 MESA REDONDA: **TEN LÍMITES A INTELIXENCIA ARTIFICIAL? HAI QUE POÑERLLOS?**

Modera: **Senén Barro**, investigador do CiTIUS (Universidade de Santiago de Compostela)

Relatores:

- **Enric Trillas Ruiz**, catedrático de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da Universidade Politécnica de Madrid (UPM) e presidente honorífico do European Centre for Soft Computing (ECSC).
- **Óscar Cordón García**, catedrático da Universidade de Granada (URG) e vicepresidente da Delegación para a Universidade Dixital da UGR.
- **Ramón López de Mántaras**, director do Institut d'Investigació en Intel·ligència Artificial (IIIA-CSIC).